

ACTA I

Acta de constitución do Tribunal encargado do proceso selectivo para a selección de persoal docente da especialidade de "INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES" para a execución do obradoiro de emprego RENOVA VERDE.

Fase de constitución, revisión de candidaturas e publicación da listaxe provisional de admitidos/as.

Na Centro de Formación e Emprego do Concello de Ames, urbanización Aldea Nova, Ames, sendo as 12:00 horas do día 15 de xullo do 2026, reúnese o Tribunal encargado da selección do persoal directivo, docente e do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego "RENOVA VERDE", comparecendo os seguintes membros:

Presidente:

Titular: Juan Carlos Carreja Iglesias, Concello de Ames.

Secretario/a:

Titular: Dolores Landeira Liñares, Concello de Brión.

Vogais:

Titular: Pablo Bello Nieto, Concello de Ames.

Titular: Eva Vidal Caamaño, Concello de Brión.

Suplente: Pilar Villaverde Cutrín, Concello de Ames.

Obxecto da sesión:

Constitúe o obxecto da presente sesión a constitución do Tribunal. Unha vez constituído, procédese á revisión das solicitudes e da documentación acreditativa dos requisitos esixidos para o posto de persoal docente da especialidade de "INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES" do obradoiro RENOVA VERDE, presentadas polas persoas candidatas.

Constitución do Tribunal:

Dada a presenza do presidente, da secretaria e dos tres vogais, considérase cumprido o requisito regulamentario para a válida constitución e actuación para o proceso selectivo.

Resultado da revisión das solicitudes e documentación acreditativa dos requisitos esixidos para cada posto:

Á vista das acreditacións documentais presentadas en prazo, este Tribunal acorda publicar a listaxe provisional das persoas candidatas admitidas e excluídas, así como a causa de exclusión, para o posto de docente da especialidade citada, convocado nas bases do proceso selectivo, aprobadas por Decreto da Alcaldía de Ames nº 2122/2026 do 3 de xullo. Esta listaxe é a que figura como Anexo I da presenta Acta.

Prazo de reclamación: 2 días hábiles desde o seguinte á publicación da presenta acta.

Cumprido o obxecto da reunión, dáse por rematado o acto, sendo as 13:30 horas do día de referencia, do que se estende a presente acta que asinan as persoas asistentes.

ANEXO I

POSTO: DOCENTE XARDINERÍA

LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS		
APELIDOS	NOME	DNI
FERREIRA FERNÁNDEZ	LUCIA	***3634**

LISTAXE PROVISIONAL DE EXCLUÍDOS			
APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
BLANCO DIOS	JAIME BERNARDO	***0599**	Non achega permiso de conducir B
VECINO PEREIRO	MARCOS	***9633**	Non achega instancia segundo o modelo que figura nas bases

